



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Santiago)
Facultade de Administración e Dirección de Empresas (Lugo)
Universidade de Santiago de Compostela



Facultade de Economía e Empresa (A Coruña)
Universidade de A Coruña

Universidade de Vigo

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Vigo)
Facultade de Comercio (Vigo)
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (Vigo)
Universidade de Vigo

BASES

XVI OLIMPIADA GALEGA DE ECONOMÍA 2026

18 de Marzo do 2026

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais Universidade de Santiago de
Compostela

1. PRESENTACIÓN E OBXECTIVOS

A [Olimpiada Española de Economía](#) é un certame académico e educativo que ten como obxectivo estimular o estudo da Economía e da Economía da Empresa entre a mocidade, premiar o esforzo e a excelencia académica, así como establecer vínculos estables entre o ensino universitario e outros niveis educativos.

A **XVI Olimpiada Galega de Economía** está organizada pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) en colaboración coa Universidade da Coruña (UDC) e a Universidade de Vigo (UVigo) e, coa participación da Asociación Galega de Ensinantes de Economía en Secundaria (AGAEDES). A Olimpiada Galega constitúe a fase local da Olimpiada Española de Economía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. PARTICIPACIÓN

Poderá participar na XVI Olimpiada Galega de Economía o estudantado matriculado no curso 2025/26 na materia **Empresa e Deseño de Modelos de Negocio** de 2º curso de Bacharelato en calquera dos Centros de Ensino Secundario da Comunidade Autónoma de Galicia. A participación será individual e cada centro poderá presentar ata un máximo de 5 participantes.

3. INSCRIPCIÓN

A inscrición realizarase cumprimentando o formulario de solicitude de participación (dispoñible na seguinte ligazón da web da facultade: [XVI OLIMPIADA GALEGA DE ECONOMÍA. BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN – Completar o formulario](#))

Só se considerarán os formularios recibidos ata as 14h do día 11 de marzo de 2026. En caso de remitir máis dun formulario só será válido o último recibido en prazo.

O listado do estudantado inscrito publicarase antes das 14h do día 12 de Marzo de 2026 no seguinte enlace [Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais | Universidade de Santiago de Compostela](https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/ eventos/xvi-olimpiada-galega-economia).

Para o estudantado menor de idade deberá cubrirse o formulario de autorización da nai, pai ou tutor/a legal para a súa asistencia e participación na XVI Olimpíada e a cesión dos dereitos de imaxe segundo o modelo que poden descargar da web da XVI Olimpíada <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/ eventos/xvi-olimpiada-galega-economia>. Este documento terá que ser anexado no formulario de inscrición.

4. TEMARIO

O temario das probas da fase local abranguerá os seguintes bloques do programa oficial de Economía de 1º de Bacharelato e de Empresa e deseño de modelos de negocio de 2º de Bacharelato, establecido no DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Economía:

1. As decisións económicas.
2. A realidade económica. Ferramentas para entender o mundo cunha visión microeconómica e macroeconómica.
3. As políticas económicas.

Empresa e Deseño de Modelos de Negocio:

1. A empresa e a súa contorna.
2. O modelo de negocio e de xestión.
3. Estratexia empresarial e método de análise da realidade empresarial: estudo de casos e simulación.

5. PROBA

A proba realizarase de xeito presencial na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC, o Mércores 18 de marzo ás 12:30.

O exame durará dúas horas e terá tres partes:

1. A primeira constará de 20 preguntas tipo test relativas ás relacións e conceptos básicos. A valoración total deste test será de ata 4 puntos con posible sistema de penalización. Esta proba terá carácter eliminatorio e da mesma se seleccionarán aos 15 estudantes con maior puntuación, aos que se lles pasarán a corrixir as seguintes partes do exame.
2. A segunda parte do exame constará de dous exercicios prácticos, cada un dos cales terá como máximo unha puntuación de 2 puntos (total 4 puntos).
3. Na terceira parte da proba, o estudantado realizará un comentario de texto sobre algún tema de actualidade económica que se puntuará cun máximo de 2 puntos.

Os exames serán corrixidos de forma anónima e a cualificación máxima que se pode obter é de 10 puntos. Na corrección valorarase a claridade na expresión e o razoamento das respostas, tendo tamén en conta a ortografía e a puntuación. No caso dos exercicios prácticos, numéricos ou representacións gráficas valorarase a claridade no desenvolvemento, o uso correcto das unidades de medida e a explicación dos resultados. Os resultados da corrección son inapelables.

Para poder realizar as probas o estudiantado deberá identificarse a través do seu DNI ou documento equivalente.

6. PREMIOS

Os tres primeiros clasificados na XVI Olimpíada Galega de Economía recibirán un diploma acreditativo e representarán ás Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) na fase estatal da Olimpíada de Economía que se celebrará dos días 17 ao 19 de xuño na Universidad Rey Juan Carlos. A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC correrá co custe da inscrición na fase nacional da Olimpíada de Economía, e cos gastos de viaxe e aloxamento dos/as tres estudantes seleccionados/as, a dun/ha profesor/a designado/a pola Comisión Organizadora que os/as acompañe, e un/ha representante da Facultade.

O estudiantado clasificado entre os postos 4º e 8º recibirán un diploma acreditativo como finalistas do concurso. A orde establecida servirá, ademais, para cubrir posibles vacantes no caso de que algunha das tres primeiras persoas clasificadas renuncie a participar na Olimpíada Española de Economía.

Ademais, as primeiras persoas clasificadas nas fases locais ou nacionais da Olimpíada de Economía que se matriculen nalguna das universidades públicas do SUG poderán optar ás axudas convocadas para os/as estudantes gañadores/as de Olimpíadas Científicas, segundo o previsto na convocatoria feita, no seu caso, por cada universidade (suxeito á aprobación do orzamento e ás disponibilidades orzamentarias).

7. COMISIÓNS ORGANIZADORA E ACADÉMICA

A Comisión Organizadora da XVI Olimpíada Galega de Economía está constituída polos/as decanos/as das Facultade de Economía e/ou Empresa das universidades públicas galegas e o presidente da Asociación Galega de Profesores de Economía en Secundaria (AGAEDES).

A Comisión Académica será a encargada de elaborar e cualificar a proba, clasificar por orde aos participantes, determinar os tres gañadores que participarán na XVII Olimpíada Española de Economía e resolver calquera incidencia que se poida producir.

A Comisión Académica está formada por:

Presidente: Xoán Ramón Doldán García, Decano.

Secretaria: María Luísa Chas Amil, Economía Cuantitativa.

Vogal: María del Rosario Vidal Lopo, Economía Financeira e Contabilidade.

Vogal: Romina García Chas, Organización de Empresas e Comercialización.

Vogal: Óscar Rodil Marzabal, Economía Aplicada.

Vogal: Adrián Dios Vicente, Economía Aplicada.

Vogal: Melchor Fernández Fernández. Fundamentos de Análise Económica.

Vogal: María del Pilar Piñeiro García. Organización de Empresas e Comercialización.

Vogal: José Manuel Maside Sanfiz, Economía Financeira e Contabilidade.

8. DEREITOS DE IMAXE

Os contidos audiovisuais (fotografías, vídeos, etc.) que se poidan obter durante a celebración da XVI Olimpíada Galega de Economía serán tratados segundo a normativa da USC. O acto de entrega de premios é un acto público. Os contidos audiovisuais (fotografías, vídeos, etc.) que se produzan neste acto serán da propiedade da USC, que poderá difundilos libremente a través das súas publicacións, páxinas web, etc., sen necesidade de consentimento expreso das persoas asistentes.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos recollidos para a xestión desta convocatoria serán tratados conforme á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

10. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na XVI Olimpíada Galega de Economía implica a aceptación íntegra das súas bases e da decisión inapelable da Comisión Académica á que lle corresponderá resolver calquera continxencia non prevista nestas bases.

CONTACTO

Para calquera dúbida ou suxestión, pódese contactar co decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC, por algúns destes medios:

Teléfono (Secretaría do Decanato): 881811504

E-mail: ecoade.decanato@usc.gal

Web da Facultade:

[Facultade de Ciencias Económicas
e Empresariais | Universidade de
Santiago de Compostela](#)